

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles (Lote 3: Material informático)

Con data de 4 de agosto de 2016 procedeuse á apertura do sobre B. Nesta licitación presentaron oferta as seguintes empresas:

- Brinco Soluciones Integrales, S.L. (en diante, Brinco)
- Gersa Informática, S.L. (en diante, Gersa)

Analizada a documentación do sobre B, referente a criterios non avaliados matematicamente, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

A base decimoquinta do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 48 puntos:

a.- Valor técnico da oferta (de 0 a 42 puntos): Avaliarase a calidade dos produtos ofertados segundo as descrições, características, catálogos ou mostras entregadas.

b.- Melloras (de 0 a 6 puntos): referidas aos sistemas de xestión utilizados pola empresa subministradora para a recepción das solicitudes e o seguimento dos pedidos, facturacións, etc. Valorarase especialmente a posta a disposición do Parlamento dun sistema telemático de xestión integral.

Para a distribución dos puntos estableceranse, para cada apartado anterior, tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

Grado	Puntuación máxima 42 puntos	Puntuación máxima 6 puntos
Alto	28-42	5-6
Medio	14-27	3-4
Baixo	0-13	0-1-2

O resumo das ofertas para cada un dos aspectos valorables tecnicamente é o seguinte:

a. Valor técnico da oferta (de 0 a 42 puntos): Avaliarase a calidade dos produtos ofertados segundo as descrições, características, catálogos ou mostras entregadas.

A empresa **Brinco** presenta unha ficha para cada un dos produtos solicitados, con fotografías e descrición técnica detallada. Todos os produtos subministrados son orixinais. Cabe destacar:

- Para o consumible C3 ofértanse 5 anos de garantía
- Para os artigos C4, C9, C10 e C17 entregaranse artigos de primeira calidade ou da marca e modelo solicitados
- Códigos C5, C6, C7, C8, C24 e C25: incluíranse conectores de primeira calidade
- Para os artigos C12, C13, C14, C15, C16 e C18 entregaranse artigos de primeira calidade ou da marca e modelo solicitados

A empresa **Gersa** inclúe unha descrición copiada do PPT de cada un dos consumibles solicitados, sen incluír ningunha referencia a calidades dos produtos, características, catálogos, fotografías ou mostras. Para todos os productos, agás o C27, C28 e C29, indica un prazo de entrega de 24 horas. Así mesmo, indícase que todos os produtos son orixinais.

b. Melloras (de 0 a 6 puntos): referidas aos sistemas de xestión utilizados pola empresa subministradora para a recepción das solicitudes e o seguimento dos pedidos, facturacións, etc. Valorarase especialmente a posta a disposición do Parlamento dun sistema telemático de xestión integral.

A empresa **Brinco** declara que dispón dun Sistema de Xestión telemático para a recepción de pedidos ou solicitudes, o cal pon a disposición do Parlamento.

Non se detallan as características de dito sistema nin o modo de funcionamento.

A empresa **Gersa** indica que pon a disposición do Parlamento a plataforma E-Diversa para a recepción de pedidos. Así mesmo, os pedidos poden realizarse por correo electrónico e teléfono/fax. Unha vez realizado un pedido, asígnaselle unha referencia e trasládase á fábrica para a súa preparación e reparto; dito reparto realízase con empresas de transporte permiten realizar o seguimento e localización do envío en calquera momento.

Ademais, proporciona as seguintes melloras:

- Asistencia en urxencias a través dun enderezo electrónico
- Asesoría telefónica “in time” gratuíta
- Factura electrónica
- Asistencia técnica post-venda, tanto comercial coma técnica cun compromiso de atención inferior a 6 horas
- Presentación de estatísticas de vendas e consumo

En base aos principais puntos das ofertas e aos grados de satisfacción, establécense as seguintes puntuacións:

Empresa	Criterio A	Criterio B	Total
Brinco	28	2	30 puntos
Gersa	14	6	20 puntos

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2016

Servizo de Tecnoloxías da Información

Ignacio Cid Gómez